



Samain

CORUÑA 2018

Únete á lenda

Dinámica comercios

Este ano a celebración do Samain organizada polo Concello da Coruña trae 10.000€ en vales de compra para o comercio de proximidade.

Só tes que ambientar o teu establecemento con motivos do Samain e agasallar aos nenos e nenas participantes no Pasarrúas Truco ou Trato que percorrerá os barrios participantes: Monte Alto, Obelisco-Orzán, Riazor, Falperra-Picasso, Oza-Catro Camiños, Os Mallos e Conchiñas-Barcelona.

Nós proporcionaremos aos comercios participantes os carteis e vinilos identificadores da campaña do Samain 2018.

hai
10.000€
en vales
de compra

Por que participar?

Pola repercusión que terá o Samain na cidadanía a través das actividades cos Centros Escolares, a nosa páxina web, as cuñas de radio e as insercións en prensa.

Nesta edición, a maiores, publicaremos información nas diferentes redes sociais ao longo da promoción, tanto do desenvolvemento das actividades como en forma de mencións aos comercios participantes.

Durante a festa do Samain do 31 de outubro premiaremos ás mellores comparsas e disfraces con 10.000€ en vales de compra para utilizar exclusivamente nos comercios participantes. Os establecementos que non participen na actividade non terán a opción de recibir os vales de compra.

Quen pode participar?


A participación é aberta e gratuíta para os establecementos do comercio de proximidade das zonas comerciais indicadas, con zona interior ou escaparate ambientado con motivos do Samain.

Non se considera comercio de proximidade a establecementos situados en grandes superficies, grandes cadeas comerciais, bancos, supermercados ou hostalaría.

Como inscribirse?

Podes facelo a través da túa asociación ou mandando un mail antes das 24:00h do xoves 11 de outubro a: participa@samaincoruna.com facilitando os seguintes datos: nome comercial, titular, NIF/CIF, dirección, correo electrónico, teléfono e redes sociais, ademais de dunha breve explicación dos produtos/servizos que ofrece.

CONSULTA AS BASES COMPLETAS EN SAMAINCORUNA.COM



- 1 Monte Alto, Adormideras
- 2 Obelisco, Soho-Orzán
- 3 Picasso
- 4 Falperra, Os Mallos, Sagrada Familia
- 5 Catro Camiños, Fernández Latorre, Gaiteira
- 6 Ventorrillo, Agra, Barcelona, Conchiñas
- 7 Riazor, Avenida Finisterre